

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de novembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte de novembro do ano dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1615).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 2 de outubro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1616).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/208, 11/684, 23/1527, 14/186, 14/1562.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 14.11.06, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- D. Agustina Ramos Rodríguez. Expte. 22/2008.
- D^a. Francisca Gomar Gomar. Expte. 11/684.
- D. Martín Sáez Veguet. Expte. 23/1527.

- D^a. Saladina Collarte Gómez. Expte. 14/186.
- D. Jesús Gómez Cerviño. Expte. 14/1562.

3(1617).-CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007, ANO 2006. EXPTE. 4023/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.10.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e fiscalizado interventor xeral, que di o seguinte:

O Plan municipal de emprego 2004-2007, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2004, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran este Plan, dentro dos Programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación” que ten como obxectivo fomentar o emprego por conta allea, especialmente nos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mundo laboral. Para optimizar a inserción destes colectivos, e afianzala, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 19/06/2006, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do ano 2006 deste Programa de axudas municipais á contratación, xestionado pola Concellaría de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, cunha disposición total de 30.000 € con cargo ao RC 25551 (achégase copia do informe da Intervención Xeral Municipal) da partida 3220 470 00 00, do vixente presuposto de 2006. Estas axudas foron difundidas mediante unha campaña de publicidade en prensa. Por todo o exposto, e en base á acta da Comisión de Valoración e Seguimento de data 17/10/2006, que se achega no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Conceder as seguintes axudas económicas, por un importe total de 10843,75€

Solicitante	Empresa	NIF/CIF	Núm. traballadores/as	Importe da axuda
Juan Carlos Bouzón Loureiro	“Alcampo, S.A.”	A28581882	10	2593,75
Luis Moreno Diéguez	“Fundac. para la promoción de la innovac., investigac. y desarrollo tecnológico en la ind. de la automoción de Galicia”	G36871424	1	3000
Manuel Domínguez Cendón	“Inmobiliaria Galleira, S.L.”	B36440642	1	750
Adolfo González González	“Limpiezas del Noroeste, S.A. (LINORSA)”	A36621464	3	4500

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba conceder as axudas económicas que se recollen no precedente informe.

4(1618).-DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROXECTO “OBRADOIRO DE EMPREGO VIGOZOO III” E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POLA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO. EXPTE. 3280/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.11.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O proxecto denominado Obradoiro de emprego "VIGOZOO III", concibido como continuidade dos proxectos de obradoiro de emprego “Vigozoo” e “Vigozoo II”, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12 de xuño de 2006, foi presentado á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia o 29 de xuño de 2006.

Con data 10/11/06 a Delegación provincial da Consellería de Traballo remite Resolución aprobatoria de data 10 de novembro de 2006, concedendo subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado “Obradoiro de emprego Vigozoo III”. As características básicas do proxecto aprobado son:

Denominación: Obradoiro de emprego “Vigozoo 3”

Duración: 12 meses

Data prevista de inicio: 29 de decembro de 2006

Nº total de alumnos-traballadores: 40. Por especialidades:

Construción	11
Carpintaría	11
Electricidade/Fontanería	10
Educador medioambiental	8

Subvención concedida pola Xunta de Galicia: 750.818,40 euros

Obxectivos da actuación:

- *ofrecer formación e experiencia laboral ós desempregados participantes, maiores de 25 anos, en profesións con expectativas de inserción laboral.*
- *continuar coa mellora dos aspectos máis deficitarios das instalacións municipais do zoo, tanto na súa imaxe como no seu funcionamento, segundo proxecto técnico aprobado.*

Ubicación da Escola:

As aulas, oficinas e talleres, así como todos os demais equipamentos necesarios para o desenvolvemento do proxecto “Obradoiro de emprego Vigozoo III”, estarán ubicados nas instalacións municipais do zoo, na Madroa, para o que xa se está procedendo, en colaboración cos responsables do Organismo Autónomo Local “Vigozoo”, á súa oportuna adecuación.

Por este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego se están a efectuar as xestións oportunas para a posta en marcha do proxecto: realización das ofertas xenéricas ao Servizo Público de Emprego (a través do grupo de traballo mixto Consellería-Concello), no relativo á selección do persoal do proxecto (coa celeridade obrigada pola necesidade de poñer en marcha o obradoiro con data 29 de decembro de 2006, requisito da Xunta de Galicia), expediente de xeración de crédito diante da Oficina de Intervención Xeral e optimización das instalacións para a posta en marcha.

O que se comunica á Excm. Corporación Municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do precedente informe.

5(1619).-MODIFICADO AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL-SALA DE SAN XOÁN POULO. EXPTE. 6458/333.

Este expediente retírase a pedimento da concelleira do Servizo de Deportes.

6(1620).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
BERNARDEZ GIL SELA	0640559	6.000,00	5.998,82	1,18	
CARNEIRO MINIÑO PILAR	0610368	240,00	240,00		
“	0610369	225,00	125,40	99,60	
“	0610371	328,81	130,90	197,91	
“	0612030	3.000,00	1.475,27	1.524,73	
CEA NOGUEIRA XOSE LOIS	0615598	2.016,73	2.016,73		
“	0615467	1.817,00	1.199,64	617,36	
“	0615525	1.658,80	634,64	1.024,16	
ESPADA RE CAREY LUIS	0641331	12.000,00	12.000,00		
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0636103	288.068,00	288.068,00		
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE	0637911	781,32	781,32		
LOPEZ MOURE JESUS	0648779	2.088,00	2.088,00		
“	0648780	4.640,00	4.640,00		
“	0650034	66.920,00	66.920,00		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0614681	3.000,00	3.000,00		
OJEA PEREZ IGNACIO	0649073	475,20	427,70	47,50	
“	0649070	74,80	74,80		
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	0613132	2.000,00	2.003,78		3,78
“	0646286	79,00	79,00		
“	0649089	45.918,87	45.918,87		
SANLUIS COSTAS AVELINO	0646699	116.000,00	116.000,00		
“	0637155	2.451,80	2.451,06	0,74	
“	0601290	180,30	0,00	180,30	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0617670	400,00	283,40	116,60	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0644909	6.000,00	5.970,16	29,84	
			562.527,49		

7(1621).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A EXCONSA S.L POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA JOAQUÍN LÓRIGA, 18. EXPTE. 72730/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, do 30.10.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de febreiro de 2005 por EXCONSA, S.L, con CIF B-36.707.388, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa JOAQUIN LORIGA, 18, por non producirse danos.

8(1622).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A EXCONSA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA RAMÓN NIETO, 340. EXPTE. 72729/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, do 30.10.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 22 de xuño de 2005 por EXCONSA, S.L, con CIF B-36.707.388, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa RAMON NIETO, 340, por non producirse danos.

9(1623).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL E VALLADARES. EXPTE. 1014/321.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 6 de novembro, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar a Ekipo, Sociedad Cooperativa Gallega, a execución da subministración do lote 1, butacas do Auditorio do centro cívico de Valladares Expte. 1014-321 por un importe de 64.600 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 18-09-2006 e a oferta presentada.”

2º.-Adxudicar a Bienvenido Gil, S.L. a execución da subministración do lote 2, maquinaria e vestiario escénico do Auditorio do centro cívico de Valladares Expte. 1014-321 por un importe de 54.700 euros, todo so de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 18-09-2006 e a oferta presentada.”

10(1624).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TROBEIRO S.L. EXPTE. 190/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 07.11.06 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación do 10.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a TROBEIRO S.L. a fianza de 7.373,30 euros, constituída para responder da xestión da Escola Municipal de Música, executada- conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrer o prazo de garantía.

11(1625).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS AUXILIARES DE BIBLIOTECA. EXPTE. 16768/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 13.11.06, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 7.11.06, conformado pola xefa de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar dous contratos laborais temporais de técnicos/as auxiliares de bibliotecas baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres).

2º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica de dous/dúas técnicos/as auxiliares de biblioteca, para que sexan remitidos/as doce candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Bacharelato Superior ou equivalente e, acreditar experiencia laboral en procesos técnicos en bibliotecas sendo indispensable, posuir cursos de formación bibliotecaria, coñecementos de: catalogación baixo formato IBERMARC; catalogación ISBD; software de xestión bibliotecaria; coñecemento da lingua galega a nivel de iniciación como mínimo.

3º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro/a en quen delegue –que actuará como Presidente/a-, un técnico superior ou medio en bibliotecas do concello, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico/a en quen delegue –que actuará como secretaria/o-, propoña dous/dúas candidatos/as, co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A Comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

4º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós/ás candidatos/as proposto/as pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 101 da Relación de postos de traballo vixente

Con carácter previo á formalización do correspondente contrato os/as aspirantes deberán acreditar-la correspondente titulación esixida para participar na presente convocatoria”.

12(1626).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “MELLORAS CONTORNO PRAZA DA IGREXA (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA). EXPTE. 193/443.

Vistas as actuacións do expediente e de conformidade co informe proposta do coordinador da Área dos Servizos Xerais de data 13 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar tecnicamente o proxecto “Constructivo de reforma da Avenida da Florida, Vigo”, cun orzamento total base de licitación de CENTO QUINCE MIL EUROS (115.000 €).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

13(1627).- MODIFICACIÓN CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CHALET ATALAIA PARA CENTRO DE DIA. EXPTE. 12758/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións o expediente, visto o informe proposta de data 8 de novembro de 2006 do xefe do negociado de Contratación, conformado polo xefe de Contratación e Novos Proxectos

e máis pola concelleira delegada de Asuntos Sociais, co selo de “intervido e conforme” da Intervención Xeral de data 15 do mesmo mes, e de conformidade con informe de data 17 de novembro emitido pola Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto modificado do de execución de acondicionamento do chalet Atalaia como Centro de Día Asistido, na Avda. de D^a Fermina núm. 9, por un importe de 38.166,66 euros.

2.- Adxudicar as obras do citado proxecto á empresa Agrupconsa, S.L. polo indicado importe e nas mesmas condicións que rexeron a contratación inicial.

3.- A empresa adxudicataria, no prazo dos quince días seguintes á notificación deste acordo, constituirá garantía definitiva por importe do 4% do presuposto, formalizándose o contrato en documento administrativo.

14(1628).- PREGO DE CONDICIIONS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DA “CAMPAÑA NSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 2557/224

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 17 de novembro emitido polo xefe do negociado de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Muller, que contén un selo co “intervido e conforme” do interventor xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 30.000 euros euros para a prestación dos servizos de Contratación do desenvolvemento da "Campaña institucional contra a violencia de xénero" que se imputarán á partida presupuestaria 463.2.227.06.08 do vixente presuposto.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 03-11-2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de desenvolvemento da "Campaña institucional contra a violencia de xénero".

Terceiro.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

15(1629).- PREGOS DE CONDICIIONS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA “COORDINACIÓN DOS PLANS

DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DOS PROXECTOS DO PLAN PARROQUIAS. PROXECTOS DE OBRA MAIOR”. EXPTE. 50953/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 13 de novembro de 2006 do xefe admin. de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico dos Servizos Xerais e máis polo concelleiro delegado, que contén un selo do “intervido e conforme” do interventor xeral de data 17 de novembro, e visto o informe de 14 do mesmo mes da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado sen publicidade da “Coordinación dos Plans de Seguridade e Saúde das obras dos proxectos do Plan Parroquias. Proxectos de obra maior”.

Segundo.- Autorizar o gasto para a contratación da asistencia técnica para a coordinación de ditos Plans por importe de 30.000,00 € e con cargo ás partidas 5110.611.00.01; 5110.611.00. 11; 5110.611.00.20 do orzamento 2006. Remanentes de 2005.

Terceiro.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

16(1630).- PREGOS DE CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO MODIFICADO DE SANEAMENTO RURAL DE VIGO. PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE. 50787/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 26 de outubro de 2006 do xefe admin. de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico dos Servizos Xerais e máis polo concelleiro delegado, que contén un selo do “intervido e conforme” do interventor xeral de data 17 de novembro, e visto o informe de 13 do mesmo mes da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras do proxecto de “Modificación do saneamento rural de Vigo. Parroquia de Zamáns”.

Segundo.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto Modificado do saneamento rural de Vigo, parroquia de Zamáns, por 429.496,09 € con cargo á partida 4410.601.00.06 do orzamento de 2006, segundo a modificación de crédito 98/06.

Terceiro.- Abrir o procedemento de negociación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

17(1631).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS TERREOS DE XOGO DE CABRAL, CANDEÁN, COMESAÑA E VALLADARES. EXPTE. 6439/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 23 de outubro de 2006 emitido polo director deportivo do IMD e conformado pola concelleira delegada, que contén un selo co “intervido e conforme” do interventor xeral de data 13 de novembro, que di o seguinte:

“Dado o interese de acometer obras en determinados campos de fútbol, coa finalidade de dotalos de herba artificial, por mor das vantaxes que este tipo de instalación comporta, tales coma un menor custe de mantemento, un maior aproveitamento horario, un mellor comportamento en condicións extremas de uso ou unha maior uniformidade no terreo de xogo.

Cabe sinalar o feito de que hoxe en día, xa as organizacións internacionais competentes, tales coma a UEFA ou a FIFA recoñecen este tipo de céspede para a práctica do fútbol.

Entendemos que o Concello ten a obriga de colaborar coas outras administracións, neste caso coa Deputación Provincial, no financiamento de obras que se proxecten construír e que sexan beneficiosas para a práctica deportiva na cidade.

O pilar fundamental que sustenta este Convenio é o ánimo de exercer as competencias atribuídas as ambas as dúas administracións sinatarias (Concello e Deputación) en canto á dotación da infraestrutura deportiva precisa para dar pulo á práctica deportiva nunha cidade cunha tradición tan destacada neste eido, como é Vigo.

O investimento total é de 600.000 €, desglosados nos conceptos e partidas seguintes:

CAMPO	PART. ORZAMENTO	ANUALIDADE 2006.
<i>Campo de Fútbol de Cabral</i>	<i>4521.761.00.02</i>	<i>120.000 €</i>
<i>Campo de Fútbol de Candeán</i>	<i>4521.761.00.03</i>	<i>120.000 €</i>
<i>Campo de Fútbol de Comesaña</i>	<i>4521.761.00.04</i>	<i>120.000 €</i>
<i>Campo de Fútbol de Sárdoma</i>	<i>4521.761.00.05</i>	<i>120.000 €</i>
<i>Campo de Fútbol de Valadares</i>	<i>4521.761.00.06</i>	<i>120.000 €</i>

Os importes sinalados serán transferidos á Deputación Provincial de Pontevedra, co fin de que sexa este Organismo o que licite as obras.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE ÚLTIMA XERACIÓN NO TERREOS DE XOGO DE CABRAL, CANDEÁN, COMESAÑA,

SÁRDOMA E VALLADARES, co texto que se transcribe ao remate desta proposta, manifestando a aceptación plena das prescricións que o integran.

Segundo.- Poñer a disposición os terreos de xogo de Cabral, Candeán, Comesaña, Sárdoma e Valadares, co obxecto de posibilitar a normal execución das obras.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE ÚLTIMA XERACIÓN NO TERREOS DE XOGO DE CABRAL, CANDEÁN, COMESAÑA, SÁRDOMA E VALLADARES.

No Pazo da Deputación Provincial, a _____

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, na súa condición de Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra (CIF: P-3600000-H), actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Dª Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), en virtude de nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva e actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coa modificación dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local.

Ambas partes se recoñecen con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

EXPOÑEN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 6 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, 3.c) do RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a lexislación vixente en materia de Réxime Local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegura-la prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilita-la consecución real e efectiva dos mesmos, e polo que instrumenta dito convenio dirixido o cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

III.- Que a Deputación de Pontevedra, a partir da promulgación da Lei de Cultura Física e Deportes, prestou unha especial atención na promoción de toda clase de deportes, colaborando con todos os concellos da provincia na construción de instalacións deportivas, de modo moi singular campos de fútbol por toda a xeografía provincial. Importante foi, así mesmo, a participación nas instalacións da infraestrutura dos campos de herba natural, labor que se realiza a través dos servizos especializados desta Institución.

IV.- Coa evolución de novas técnicas son moitos os concellos que solicitan axuda desta Deputación Provincial para a construción de campos de céspede artificial.

Isto é así porque este tipo de instalación ofrece unha serie de vantaxes con respecto ós de céspede natural, como son un menor custo de mantemento, maior aproveitamento horario e un uso máis intensivo sen que sufran deterioro, un comportamento similar ó de céspede natural con notables vantaxes de uniformidade , etc...

Hoxe en día, están xa recoñecidos para a práctica deportiva polos Organismos Internacionais correspondentes e de modo singular pola FIFA e UEFA.

V.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación de Pontevedra levará a cabo o proxecto de instalación de céspede artificial de última xeración, así coma outras obras complementarias nos campos fútbol de Cabral, Candeán, Comesaña Sárdoma e Valadares, no Concello de Vigo.

O proxecto comprenderá a realización das seguintes actuacións a nivel constructivo:

- 1.- Realización da obra civil de infraestrutura básica do campo de fútbol.
- 2.- Instalación de herba artificial e dos seus compoñentes.
- 3.- Instalación do seguinte equipamento, con carácter xeral:
 - Un xogo de porterías de fútbol once (2 unidades).
 - Dous xogos de porterías de fútbol sete abatibles (4 unidades).
 - Un xogo de bandeiras de córner (4 unidades).
 - Banquiños de suplentes (2 unidades).
 - Un marcador.
 - Asentos (200 unidades).
- 4.- Equipamento específico:
 - Campo de Candeán: unha bancada cuberta de 50 metros.
 - Campo de Sárdoma: un peche perimetral e pavimentación da explanada exterior.
 - Campo de Valadares: un peche perimetral con pintado das dependencias da instalación.

Segunda.- O importe da realización destas dúas fases para un campo de fútbol de 100x65 m, de acordo co proxecto base, cifrase na contía máxima de 368.000 euros que serán aboados pola Deputación ás empresas adjudicatarias, con cargo ás partidas 123.452.662.00 e 08, do orzamento do devandito organismo provincial.

Terceira.- Á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra correspóndelle a dirección das obras e instalacións contempladas na cláusula primeira, podendo nomear o Concello un Técnico facultativo para a comprobación material da execución das obras, que non formará parte da súa dirección.

Cuarta.- O Concello de Vigo comprométese as seguintes obrigas:

1) Aportar para a realización das obras de infraestrutura e da instalación do céspede artificial un importe de 120.000 euros por campo, tal e coma se establece no seguinte cadro:

CAMPO	PART. ORZAMENTO	ANUALIDADE 2006.
Campo de Fútbol de Cabral	4521.761.00.02	120.000 €
Campo de Fútbol de Candeán	4521.761.00.03	120.000 €
Campo de Fútbol de Comesaña	4521.761.00.04	120.000 €
Campo de Fútbol de Sárdoma	4521.761.00.05	120.000 €
Campo de Fútbol de Valadares	4521.761.00.06	120.000 €

Dada a especificidade dalgúns destes campos, cómpre que teñan as seguintes características específicas:

- Campo de Candeán: unha bancada cuberta de 50 metros.
- Campo de Sárdoma: un peche perimetral e pavimentación da explanada exterior.
- Campo de Valladares: un peche perimetral con pintado das dependencias da instalación.

En caso de non ingresar nos prazos establecidos a porcentaxe que lle corresponde autorízase á Deputación a descontar a cantidade da participación que de fondos provinciais lle poida corresponder ó concello.

2) *Obter a correspondente licenza municipal e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que foran precisas.*

3) *Realizar as obras de adecuación complementarias necesarias para a posta en funcionamento do campo de fútbol que se reflicten no anexo ó convenio.*

Estas obras de adecuación serán relacionadas, valoradas e conformadas, conxuntamente, por un Técnico municipal e outro provincial designados polas entidades correspondentes.

*4) *No caso de que a titularidade do campo de fútbol non correspondera ó Concello, subscribirá un convenio coa entidade ou club propietario, que prestará a súa conformidade para a realización das obras.*

(* Nota importante.- *Cláusula só engadida no caso de que a titularidade dos terreos do campo de fútbol non sexan do concello.*

5) *O pagamento do importe sinalado neste Convenio realizarase á sinatura do mesmo, a través dunha transferencia a favor da Deputación Provincial de Pontevedra na c/c nº 2080 0401 68 0040106618.*

Quinta.- Unha vez concluídas as obras de infraestrutura e instalación de céspede artificial farase entrega ó concello dos ditos campos.

Coa finalidade de evitar o deterioro que co uso poida sufrir o terreo de xogo, o mantemento e conservación do céspede levarase a cabo, conxuntamente, entre a Deputación e o Concello, aboando os custos que supoñan anualmente na mesma porcentaxe que a financiamento da súa construción, o 75% a Institución Provincial e o 25% o Concello, que se farán efectivas na forma que se determine.

Sexta.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Coordinación da que forman parte os Presidentes, ou persoas en quen deleguen e un Técnico de cada Entidade Local, que se reunirá dentro do prazo de tres días, a contar desde a petición expresa realizada por calquera delas, na sede do Organismo requirido.

Sétima.- O presente convenio entrará en vigor na data do seu asinamento e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

Oitava.- Por este convenio pónense a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra os terreos onde se construírán estes campos, co fin de executar neles as obras precisas.

Novena.- No suposto de que, por algunha causa, non sexa executado algún dos campos, a Deputación Provincial de Pontevedra deberá reintegrar ao Concello de Vigo a cantidade de 120.000 € por campo.

Decima- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, e quedando sometido á Xurisdicción Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sétima, na resolución de posibles controversias que puideran suscita-lo incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no anterior informe.

18(1632).- DAR CONTA DO ESCRITO DE D. MIGUEL GARCÍA-GESTO FRAGA EN REPRESENTACIÓN DE ARTENOSA PUBLICIDADE S.L. SOBRE O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA DE MARQUESINAS DE PARADAS DE AUTOBÚS, SOPORTES ESTÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS DE USO PÚBLICO. EXPTE. 72280/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do escrito de D. Miguel García-Gesto Fraga en nome e representación da Entidade Mercantil Artenosa Publicidade S.L. en relación coa inadmisión, pola Mesa de Contratación, por considerarse presentada fóra de prazo, da oferta presentada por dita entidade para a contratación por concurso público da “instalación, mantemento e explotación publicitaria de marquesinas de paradas de autobús, soportes estáticos e outros elementos de uso público”. No escrito faise constar que foi un erro horario sufrido polo funcionario e consecuentemente solicita que se tenga por presentada a documentación en tempo e forma, admitindo a Artenosa Publicidade S.L. como candidata á adxudicación antedita.

Así mesmo dáse conta do informe da Asesoría Xurídica, solicitado pola Xunta de Goberno local en sesión do 23.10.06, sobre a competencia deste mesmo órgano en relación coa admisión da oferta, que di o seguinte:

I.- Obxecto deste informe.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2006, acordou solicitar desta Asesoría Xurídica informe sobre a súa competencia para decidir sobre a admisión da oferta referenciada para a contratación tamén sinalada no encabezamento. A existencia dunha posible causa de inadmisión da dita oferta deriva de considerala presentada fóra de prazo.

II.- Antecedentes.

Para dar resposta a tan concreta consulta considero que deben terse en conta os seguintes antecedentes :

A) Lexislativos:

a.- art. 127.1. f LBRL : “ Correspóndelle á Xunta de Goberno Local as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, a ampliación do número de anualidades e a modificación dos porcentaxes de gastos plurianuales , así como a xestión, adquisición e enaxenación do patrimonio, a concertación de operacións de crédito, todo elo de acordo co presuposto e as súas bases de execución”.

b.- TRLCAP e o seu regulamento, en particular os artigos que dedica as funcións e competencias do órgano de contratación (p. ex. arts. 14, 36, 38, 49, 51, 52 ... do TRLCAP).

B) Obrantes no expediente :

a.- Segundo dispón o artigo 11 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación referido ao lugar e prazo de presentación de ofertas, “ a documentación deberá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ... en horario de 9 a 13 horas, no prazo de 30 días naturais...”.

b.- Pola oficina do Rexistro Xeral do Concello certifícase que a oferta referenciada neste informe presentouse o último día de prazo ás 13,03 horas, polo tanto 3 minutos despois do derradeiro “momento” para presentar a oferta en prazo.

c.- A Mesa de Contratación na súa reunión de data 9/10/2006, considéraa por unanimidade presentada fóra de prazo, acordando propoñer á Xunta de Goberno Local a súa exclusión, procedendo á apertura da documentación das outras ofertas existentes, o que se puxo en coñecemento dos asistentes á dita reunión.

d.- A empresa afectada presenta escrito en data 10/10/2006, no que pretende xustificar á hora de presentación da súa oferta, escrito que se remite pola Mesa de Contratación á Xunta de Goberno Local (punto 6 da reunión do 16/10/2006).

III.- Informe

Coido que a resposta á consulta obxecto deste informe non ofrece dúbidas. Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local é de iure o órgano de contratación, a súa competencia para decidir sobre a admisión ou non desta oferta é incuestionable, bastaría para xustificalo dicir que si a Xunta de Goberno é quen decide a adxudicación, tamén é competente para decidir a admisión, exclusión ou o rexeitamento de ofertas; por outra banda, de negarlle esta competencia, ¿quén a tería?, dende logo non a Mesa de Contratación, configurada legalmente como órgano colexiado que asiste ao órgano de contratación, pero que carece de facultades decisorias. Dito isto, o acordo que tome a Xunta de Goberno Local, se é distinta á acordada e proposta pola Mesa de Contratación, debe ser, por imperativo legal, motivada.

Acordo

A Xunta de Goberno local, tendo en conta os anteriores antecedentes acorda:

Admitir á entidade mercantil ARTENOSA PUBLICIDADE S.L. no concurso para a contratación instalación, mantemento e explotación publicitaria de marquesinas de paradas de autobús, soportes estáticos e outros elementos de uso público, expte. 72280/210, considerando que presentou a documentación en tempo e forma.

19(1633).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “COMPLEMENTARIO DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO. FASE 1”. EXPTE. 50818/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 27.10.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro de dita Área e fiscalizado por Interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado sin publicidade das obras do proxecto “ Complementario do de Remodelación de Beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo. Fase 1 ” .

2º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto “ Complementario do de Remodelación de Beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo. Fase 1 ” por 147.482,65 € e con cargo á partida 5110.611.00.01 do presuposto 2006.

3º.- Abrir o procedemento de negociación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

20.- (1634).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.